

# ADIVIÑAS OUTONO

NO AIRE SE CRÍA,  
NO AIRE SE TEN;  
BOTA UNHA RISADA,  
E PERDE O QUE TEN.

SON PEQUENA,  
E A MIÑA COR É MARRÓN;  
CANDO CHEGA O OUTONO,  
MÉTENME NO FOGÓN.

ABE TEÑO DE NOME,  
DE LÁ O REVESTIMENTO;  
O QUE NON ADIVIÑA,  
NON TEN  
DISCORREMENTO.



ALTO PIMPÍN,  
RUÍN CABALEIRO;  
RÓMPELLE A BOLSA,  
E CÁELLE O DIÑEIRO.

ALTA ESTOU,  
LADRÓN VEXO VIR;  
DO MEU CARAPUCHO,  
NON PODO FUXIR.

ALTO ESTOU,  
COR DE OURO TEÑO;  
E POR UNHA RISOTADA,  
PERDO O QUE TEÑO.



**"SACAR AS CASTAÑAS DO LUME"**



# O U T O N O

ALTO VIVO,  
MÍRAME A XENTE;  
E, SE ME RÍO,  
CÁEME O DENTE.

SON DE COR CHOCOLATE,  
ÁBRENSE COA CALOR;  
E SE AS BOTAS AO LUME,  
ESTOUPAN DE SABOR.



ESTÁ NA NAVALLA,  
ESTÁ NO CADERNO;  
CAE DA ÁRBORE,  
ANTES DO  
INVERNO.

REDONDIÑA E MORENIÑA,  
UN POUCO APLASTADA;  
PODES COMER CRÚA,  
COCIDA OU ASADA.

UNHA COUSIÑA,  
CRIADA NO MONTE;  
ENXOITA NA CASA,  
E CÓMESE SEN TAXA.



ALTA ESTOU,  
LADRÓN VEXO VIR;  
DO MEU CARAPUCHO,  
NON PODO FUXIR.

**"ESTOUPOU COMO UNHA CASTAÑA"**



# TRABALINGUAS DO OUTONO

UNHA MAÑÁ, PITIÑO PISPÍN

SAÍU PASEAR.

DÍXOLLE A NUBE:

"PIN-PIRIN-PÍN, PITIÑO  
PISPÍN

COAS MIÑAS PINGAS HEITE  
MOLLAR".

DÍXOLLE O PITO:

"EU TEÑO PARAUGAS,  
PARA AS TÚAS PINGAS:  
PAN-PARAN-PÁNI!".



PÍNGUELE, PÍNGUELE  
ESTABA PINGANDO,  
FÚNGUELE, FÚNGUELE  
ESTABA FUNGANDO.  
SE PÍNGUELE, PÍNGUELE  
NON PINGABA,  
FÚNGUELE, FÚNGUELE  
NON FUNGABA.

**"QUEDAR EN AUGA DE CASTAÑAS"**



## REFRÁNS

POLO SAN MARTIÑO VAI VER O TEU SANTIÑO.

CASTAÑAS NO NADAL SABEN BEN E PÁRTENSE MAL.

A HORTA EN OUTONO MANTÉN O SEU DONO.

POLO SAN MIGUEL, O TOUCIÑO SABE A MEL.

OUTONO CHUVIOSO, ANO COPIOSO.

OUTONO QUENTE TRAE, O DEMO NO VENTRE.

A HORTA DO SAN MARTIÑO TEN PARA EL E MÁIS PARA O SEU VECIÑO.

POLO SAN MARTIÑO FAISE O MAGOSTO, CON CASTAÑAS ASADAS E MOSTO.

POLO PILAR, AS PRIMEIRAS CASTAÑAS TES QUE ASAR.

CASTAÑAS, NOCES E VIÑO SON AS LEDICIAS DO SAN MARTIÑO.

A CASTAÑA: EN AGOSTO, ARDER; EN SETEMBRO, BEBER E, EN OUTONO, FERVER.

POLO SAN MARTIÑO, MÁTASE O PORQUIÑO.

LÓSTREGOS EN SAN XOÁN, AS CASTAÑAS VANO PAGAR.



A close-up photograph of a woven basket filled with chestnuts. The chestnuts are dark brown and glossy, some with their husks partially removed. The basket is surrounded by green moss and dried, brown leaves, creating a natural, autumnal setting.

AUGA EN AGOSTO, NIN BO VIÑO NIN BO MAGOSTO.

CASTAÑA QUE ESTÁ NO CAMIÑO É DO VECIÑO.

TEMPERÁ É A CASTAÑA QUE POLO SETEMBRO REGAÑA.

QUEN NON SABE MAÑAS NON COME CASTAÑAS.

POLO SAN ANDRÉS, FRÍO NOS PÉS.



# CANTIGA DO MAGOSTO

AQUÍ TÉMOLO MAGOSTO,  
QUE VIVA A FESTA RACHADA;  
OS MENIÑOS DESTA ESCOLA,  
FARÁN HOXE A CASTAÑADA.

SEÑORA MARÍA, SEÑOR MANUEL,  
CASTAÑAS ASADAS E VIÑO CON MEL;  
E VIÑO CON MEL, E VIÑO CON MEL,  
SEÑORA MARÍA, SEÑOR MANUEL.

(RETROUSO)

ACABÁRONSE AS VENDIMAS,  
E VEÑEN AS ESFOLLADAS;  
PARA COMER COAS MOZAS,  
CATRO CASTAÑAS ASADAS.



# POESÍAS DO MAGOSTO

A TÍA MARICA ENCIMA DA ABADA  
ESPELICOU AS CASTAÑAS LOURADAS.  
LOGO NO POTE DE FACER O CALDO  
BOTOUNAS TODAS PUÑADO A PUÑADO.  
BOUTOULLE FIÚNCHO, SAL E LOUREIRO  
E PREDEULLE LUME A AQUEL POTE DE FERRO.  
CANDO FERVERON UN POUCO A CACHÓN  
BOTOUNAS TODAS DENTRO DUN CRIBÓN.  
CANDO ESTIVERAN BEN FRÍAS E SECAS  
AQUELAS CASTAÑAS QUE BONITAS ERAN.  
TANTO ME SOUBERON TANTO ME GUSTARON  
QUE DENDE AQUEL DÍA SEMPRE ME RECORDO  
DA TÍA MARICA.

OUTONO SEN SONO,  
NON PODE DURMIR.  
PONLLE UNHA MANTIÑA  
QUE SE QUEDA AXIÑA  
SERENO E FELIZ.

AS ÁRBORES ESPIDIÑAS, SEN FOLLAS NIN FOLLIÑAS.  
OS ESQUELETOS DE XEO AMOSAN OS SEUS OUTONOS,  
OS SEUS LAIOS, OS SEUS SOÑOS. UNHA ALFOMBRA COBRE O CHAN,  
TAPIZ DE FOLLAS CAÍDAS, FOLLIÑAS QUE VEÑEN E VAN.  
FOLLIÑAS LIXEIRAS E SECAS, FATIGADAS DE TROULEAR,  
FOLLIÑAS QUE BAILAN CO VENTO, TODOS COLLIDOS DA MAN.



# COPLAS DO OUTONO

SANTO QUE ESTÁS NO  
CANIZO,  
BOTA CASTAÑAS ABAIXO;  
QUE AÍNDA QUE NON  
TEÑAS MANDIL,  
APÁÑOCHAS NO REFAIXO.

REMATARON AS VENDIMAS,  
E VEÑEN AS ESFOLLADAS;  
PARA COMER COAS MOZAS,  
CATRO CASTAÑAS ASADAS.

ACABÁRONSE AS CASTAÑAS,  
SECÁRONSE OS CASTIÑEIROS;  
ACABÁRONSE AS RAPAZAS,  
QUEDAN OS MOZOS SOLTEIROS.

A CASTAÑA DO OURIZO,  
DE MADURA RABIOU;  
CAIU DO OURIZO ABAIXO,  
FOI O PAGO QUE LEVOU.

INDO POLO SOUTO  
ABAIXO,  
ATOPEI UN OURICIÑO;  
TRES CASTANIÑAS ME DEU,  
MEU QUERIDIÑO.

PARA QUE SUBEN, TAN ALTO  
PENSAMENTO?  
PARA QUE TAN ALTO SUBEN?  
SE TEN QUE BAIXAR CO  
TEMPO.

NON CHAS QUERO, NON CHAS  
QUERO,  
CASTAÑAS DO TEU MAGOSTO;  
NON CHAS QUERO, NON CHAS  
QUERO,  
QUE ME CHEIRAN AO CHAMOSCO.

A CASTAÑA DO OURIZO,  
QUIXO RIR E ARREGAÑOU;  
CAEU DO OURIZO ABAIXO,  
MIRA O PAGO QUE LEVOU.

CHEGOU O OUTONO,  
A RECOLLIDA DO MILLO;  
COMEMOS TODOS CASTAÑAS,  
E BEBEMOS VIÑO.

ESTÁ CHEGANDO O SAN  
MARTIÑO,  
PA MATAR O MEU PORQUIÑO;  
E HASTA O ANO QUE VEN,  
NON UNTO O MEU FOUCIÑO.

OUTONO BONITO,  
FOLLIÑAS NO CHAN;  
CASTAÑAS ASADAS,  
QUE RICAN ESTÁN.

A CASTAÑA DO OURIZO,  
EU BEN VOS SEI O QUE FAI;  
SE É QUE ESTÁ VERDE MADURA,  
SE É QUE ESTÁ MADURA CAE.